

Boas prácticas de calidade nos centros da USC 2020

Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Denominación da práctica:

Sistematización e automatización do proceso de revisión de programacións docentes

Datas de desenvolvemento da práctica:

Curso 2019/20

Breve descrición da práctica:

Dento do PC-02 Planificación das ensinanzas realízase a revisión de programacións docentes que ten como obxectivo garantir que as ensinanzas oficiais se planifican de acordo ao establecido nas memorias de verificación das titulacións que se imparten no centro.

A programación docente das materias é elaborada polo profesorado encargado da docencia e supervisada polas comisións de título, que deben comprobar que se adapta ao plan de estudos vixente e á memoria verificada da titulación (MVT), debendo exercer a necesaria coordinación de programas e sistemas de avaliación dentro dun mesmo curso e titulación, segundo o establecido en cada unha das memorias das titulacións de grao e mestrado.

Posteriormente, as programacións das materias serán aprobadas en Xunta de Escola co **informe preceptivo** das comisións de título.

En anos anteriores, cada comisión de título realizaba o informe preceptivo da revisión realizada en diversos formatos, aplicando diferentes criterios e con distintos niveis de detalle. Esta información tal e como se emitía era de pouca utilidade para pechar o ciclo de revisión e mellora nos Departamentos implicados na docencia (que tamén revisan e aproban as programacións docentes) e no centro.

Co obxectivo de solucionar esta carencia, ter criterios uniformes, aliviar o traballo de emitir informes pormenorizados para cada materia en cada comisión de título e xerar evidencias do procedemento, dende a Área de Calidade do Centro programouse unha folla de cálculo que:

- Establece os ítems a revisar nas programacións docentes do centro aprobados en Comisión de Calidade
- Proporciona as directrices aos revisores sobre como avaliar cada ítem, información que tamén se envía aos profesores no momento de elaborar a programación docente -permite cargar de maneira automática a programación docente do curso anterior para facilitar a revisión e a detección de cambios nos documentos remitidos polo profesorado
- Un único arquivo, permite procesar a información de todas as titulacións do centro (9 titulacións de grao e 6 de máster) que facilita a xestión por parte dos coordinadores

- Permite unha interface gráfica que mediante cores facilita ao revisor detectar eivas axilmente
- Emite informes individualizados para cada materia de cada título (606 en total) en formato pdf no que se especifica o grao de cumprimento dos criterios esixidos. Esta información facilita enormemente a retroalimentación cos profesores e o proceso de aprobación aos Consellos de Departamento (revisan despois das Comisións de Título) e á Xunta de Escola.

As conclusións sobre esta ferramenta, aprobada pola Comisión de Calidade do Centro na súa reunión de 13/02/2020, empregada durante a revisión das programacións docentes para o curso 2020/21 levada a cabo entre xuño e xullo de 2020, foron analizadas na reunión do 08/10/2020, na que o director do centro, coa información proporcionada polas CT, trasladou as incidencias xurdidas durante o proceso de planificación e as propostas a incorporar no plan de melloras do centro, de acordo co proceso PE-02 Revisión e mellora.

Breve avaliación da eficacia da práctica:

O emprego da ferramenta informática mellorou:

- A coordinación entre os diferentes órganos que teñen que revisar as programacións
- A axilidade na transmisión da información e na xeración da mesma
- A existencia de evidencias específicas do proceso de revisión e aprobación
- O grao de cumprimento na emisión dos informes preceptivos de cada Comisión de Título
- A comunicación (MS Teams, OneDrive e correo electrónico) das conclusións do proceso de revisión aos profesores de cada materia e aos Departamentos implicados na docencia dos títulos
- A comprobación da correspondencia entre programacións docentes e a memoria verificada do título (punto crítico para as Comisións Avaliadoras nos procesos de renovación da acreditación fronte a ACSUG e na obtención de selos internacionais de calidade EUR-ACE).

Evidencias

Ferramenta Excel para a revisión das programacións docentes:

Informes emitidos pola Comisión de Título de Enxeñaría Civil (Igal para todas as titulacións do centro)